

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 21 DE
MAIO DE 2008**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e un de maio de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, do EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asisten, con escusa, don Francisco Javier Varela Tejedor e don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, solicita a palabra dona M^a Jesús González Roel, voceira do grupo municipal do PP, para explicar a razón de que se solicitase este pleno. Expón que os concelleiros do PP de Cambre, vendo a delicada situación que está atravesando a parroquia do Temple, que aglomera á terceira parte dos habitantes do concello, solicitaron a celebración dun pleno extraordinario para tratar de encontrar solucións a cada unha das principais dificultades polas que atravesan os veciños na súa vida cotiá, no seu traballo, e que ao seu xuízo se poderían inscribir en cada un dos puntos da orde do día proposta.

Continúa dicindo que nos últimos meses, os veciños desta parroquia vironse sometidos ás obras de rehabilitación da rúa Tapia, padecendo interminables atascos para chegar ás súas casas e aos seus traballos. Tiveron que padecer as interminables obras de instalación duns transformadores eléctricos que provocaron varios escapes de gas, un deles cun risco

manifesto para os habitantes do edificio afectado. Os habitantes do Temple tivéronse que mobilizar nos últimos meses para evitar a instalación de antenas de telefonía móbil, que padecían de numerosas irregularidades administrativas, enriba das súas casas. Esta situación provocou unha resposta sen precedentes dos veciños.

Ademais, todos estes inconvenientes non se viron recompensados por unha mellora dos servizos e das infraestruturas públicas que incrementasen a calidade da vida dos habitantes do Temple, senón máis ben todo o contrario. O urbanismo que se ten levado a cabo nos últimos anos na parroquia, ignorou as necesidades máis básicas dun dos principais núcleos da poboación da comarca. Non se teñen previsto os accesos, nin as comunicacións, nin a dotación de novos servizos, nin a mellora dos existentes. Tampouco as necesidades de aparcamento que trae consigo un aumento exponencial da poboación, e menos aínda se previron as necesidades en Servizos Sociais, Educación e Deportes.

Segue dicindo que mención especial merece a seguridade cidadá. Nas últimas semanas producíronse atracos, agresións, incendios, escapes de gas na parroquia, que instauraron a preocupación e o malestar dos veciños da zona. Aínda así, a prensa informou de que Protección Civil de Cambre quedou unicamente con tres efectivos, e con moi escasa capacidade operativa debido á situación da súa sede e ao caos circulatorio da Tapia.

Por todos estes motivos, os concelleiros do PP de Cambre solicitaron a celebración deste pleno extraordinario, para que todos os grupos, sen exclusión, poidan analizar os problemas da parroquia máis poboada do municipio, poidan realizar as súas propostas, e se existe o acordo que reclaman os veciños, poder destinar parte do orzamento municipal á mellora da súa calidade de vida.

Para finalizar, engade que o grupo municipal popular renuncia á indemnización que lles corresponde por este pleno, porque o seu obxectivo é solucionar os problemas, non queren ocasionar máis prexuízo económico ao concello.

Don José Antonio Baamonde López, concelleiro do PP, manifesta que ten entendido que cando teñen lugar dúas sesións plenarias no mesmo día só se cobra por unha delas.

O Sr. alcalde confírmallo.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Informe sobre a mellora dos servizos municipais no Temple

O Sr. alcalde explica que dentro deste punto son varios os informes que van presentar.

Concedida a palabra a dona Carmen Tato Lago, concelleira delegada de Asuntos Sociais, Igualdade e Sanidade, informa sobre o centro da terceira idade. Explica que supón que ao preguntar por este centro, a voceira do PP está referíndose ás mesmas deficiencias que tamén detectou o equipo de goberno, e que xa están corrixidas. Di que puxeron unha cociña nova, aprovisionaron o centro de distintos xogos, funciona todos os días, abrindo incluso os fins de semana, cousa que antes non facía, e están a ter baile unha vez ao mes.

Toma a palabra o Sr. alcalde para falar do aproveitamento de Vila Concepción e as casas modernistas. Di que o equipo de goberno quere propoñer aos distintos grupos a posibilidade de, a través dalgún convenio coa Consellería de Traballo, poder crear unha escola taller e poder rehabilitar esas dúas casas que considera un símbolo importante para Cambre.

A continuación, concédese a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos, quen se refire en primeiro lugar aos parques infantís. Informa que todos os parques infantís de Galicia teñen que cumprir o Decreto 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade dos parques infantís en Galicia. Este decreto obriga a que todo proxecto deberá estar adaptado á normativa europea, tendo en conta ademais dos materiais que forman os xogos, o solo e as colocacións, coas medidas e distancias de seguridade.

Explica que as áreas de xogos están compostas por varios elementos, entre os que están os xogos (bambáns, tobogáns, tirolinas, carruseis e balancíns), o solo, que pode ser árido (con garbancillo, arena e grava), de caucho (losetas ou solo continuo), e céspede e corteza. Un peche sempre que haxa tráfico rodado no contorno, e un cartel que debe incluír unha serie de datos.

Sinala a concelleira que os parques que están situados no Temple cumpren en parte con este decreto, é dicir, os xogos en xeral están homologados. O que pode que non cumpran co decreto é a área de xogos por diversos motivos: que a superficie de amortecemento teña perdido as características iniciais, que careza de valo ou que este non sexa o axeitado, que non teña cartel indicativo, ou que lle falte un dos oito datos a que obriga o decreto, tamén que haxa problemas cos elementos de mobiliario urbano, como papeleiras, fontes ou bancos. Di que deberán arranxarse e adaptarse ao decreto aqueles que se considere necesarios, e naqueles outros que estean en mal estado se poden substituír por outros elementos de xogo, como por exemplo, parques biosaudables, mesas de pimpón exteriores.

Continúa dicindo que, con respecto ao parque infantil de Lumiera, aínda non foi recepcionado polo concello, ao igual que toda a urbanización desta unidade de execución, polo que ata que non estea recepcionado non se porá a disposición do público. Agarda que ao longo do verán esta recepción sexa efectiva.

Respecto do servizo de Correos, a concelleira informa que dende a súa sección se autorizou á división de loxística de Correos para instalar tres caixas de correo de alcance no contorno das seguintes rúas: Tapia n.º 19, Tapia entre os n.º 34 e 36, e Curros Enríquez n.º 17 ao lado da caixa de correos pública.

Outra parte do informe da concelleira refírese ao soterramento dos contedores. Explica que esta previsto o soterramento dos contedores para recollida de residuos sólidos, tanto orgánicos como inorgánicos, no proxecto de acondicionamento da praza Manuel Murguía, actualmente en execución. En principio non está prevista ningunha actuación máis, porque a xestión do servizo público de recollida e transporte de residuos está encomendado ao Consorcio das Mariñas, non así a xestión deses espazos, polo que antes de colocar máis, di que se debería falar co Consorcio e incluír este cometido entre os seus, porque senón terá que ser cada concello o que manteña estas áreas, co que o servizo quedará sesgado, o que non é interesante nin dende o punto de vista económico, nin técnico.

A continuación, concédese a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes, e informa que, respecto da ampliación do colexio do Graxal, no pleno de 28 de febreiro se aprobou a cesión dos terreos á Consellería. As noticias que teñen dende a última reunión que tiveron con eles é que están elaborando os proxectos. Estiveron facendo os sondeos do terreo, e agora están co proxecto e contan con telo o antes posible. Está en marcha.

Polo que se refire ao polideportivo do colexio Portofaro, explica o Sr. concelleiro que tiveron conversacións coa Consellería, coa Deputación falta a última reunión. Estímase que o custo estaría sobre os 864.000 € dos cales corresponde ao concello unha terceira parte, e agardan poder firmar o convenio entre as tres administracións.

Concedida a palabra a dona Erundina Prado Arcay, concelleira delegada de Cultura e Turismo, informa sobre o local social do Graxal. Explica que, neste momento, non está contemplado o cambio de ubicación dese local. En canto ao arranxo dos gases da cheminea, xa hai un informe do enxeñeiro técnico municipal, don Luis Medín, e un orzamento que está valorado. As obras iniciaranse en breve.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que para o seu grupo os servizos municipais no Temple presentan bastantes carencias. O único centro socio-cultural que existe está sen insonorizar e a saída de gases é ilegal. Xa foi denunciada polos veciños e o Valedor do Pobo deulles a razón. Di que é un dos mellores edificios que se ten no Temple, e que non pode ser utilizado para os fins para os que se construíu, seguramente por un mal convenio feito cos construtores. Solicitan que se inclúa unha partida nos orzamentos para que se poidan solucionar eses problemas. Ademais, tamén solicitan que se lle permita á Asociación de veciños do Temple que utilice o local, aínda que sexa de maneira compartida con outras asociacións. Di que xa o solicitaron en varias ocasións e a día de hoxe non teñen resposta.

Segue dicindo que outro edificio emblemático do Temple é a Casa das Palmeiras. É un edificio que para eles está totalmente infrautilizado, por exemplo non dispón de Potelo Único. Ademais, este edificio tamén podería ser utilizado, ou ben para casa da xuventude, ou incluso como biblioteca.

Respecto de Vila Concepción, o grupo municipal popular propón que se destine a biblioteca universitaria, mediante o correspondente convenio coa Universidade, ou como biblioteca pública, porque no Temple non hai ningunha.

Tamén destaca o feito de que as casas modernistas da N-VI, construídas nos anos 20, presentan na actualidade un total abandono. O proxecto de conversión destas casas nun centro socio-cultural acumula un atraso de máis de 12 anos, e di que iso parece non importarlle a ninguén. Pregunta en que situación se atopa o convenio que se asinou cun construtor xa falecido, e a quen corresponde a titularidade deses terreos de máis de 30.000 m².

Do centro de saúde do Temple, di a voceira do PP que, ante a falta de previsión do aumento de poboación, o centro quedou insuficiente, non cubre as necesidades que os veciños demandan agora, como por exemplo un pediatra para a quenda de tarde, petición para a que se recolleron un montón de sinaturas. O PP faise eco destas peticións e as traslada ao concello para que medie ante a Consellería de Sanidade.

Tamén piden que se solicite a Costas que se solucionen todos os buratos que existen no Paseo Marítimo, concretamente xa se pediu que se solucionase unha fochanca que había na parte do xardín, e agora fíxose unha nova diante da praza Manuel Murguía. Solicitan que se faga un estudo da zona e que se solucionen eses problemas.

Segue dicindo a voceira do PP que tamén lles gustaría saber se se vai quedar algún neno sen escolarizar. Di que na actualidade se está dando clase nuns barracóns, por non ter un colexio que xa tiña que estar funcionando na actualidade.

Tamén lembra o acordo adoptado para que se reserve nos orzamentos o diñeiro suficiente para a cuberta do polideportivo do colexio Portofaro, que é unha promesa de hai máis de catro anos.

Outra cousa que solicitan é a eliminación das barreiras arquitectónicas en todos os edificios públicos, nas beirarrúas, e unha expropiación urxente, a do garaxe que invade a beirarrúa na estrada de Cambre, tendo os peóns que saírse da beirarrúa nunha zona moi transitada por vehículos.

Continúa falando dos parques infantís, e sinala que nin un so deles cumpre a normativa actual, como ben dixo a Sra. concelleira do equipo de goberno. Agarda que as medidas se tomen xa. Cren que o parque de Ramón Barba tamén se podería utilizar para diversos xogos de distintas idades, e así desconxestionar o parque que está situado no Paseo Marítimo, que na actualidade xa non é que estea deteriorado, senón que está insalubre, tanto polos seus arredores como polas ratas que suben da ría. Pola contra, o parque da praza de Lumiera que aínda está sen estrenar, e que xa no mes de setembro do pasado ano se lles dixo que en 15 días estaba solucionado e aberto ao público, están en maio e aínda segue pechado, cando é unha das prazas máis amplas de todo O Temple.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que non sae do seu asombro. Xa tiñan pensando formular unha cuestión de orde antes do inicio do debate para saber exactamente en que consistía o pleno e que viñan facer. Di que unha vez visto o que expón o PP, e vistas as respostas do goberno, o que comprobamos é que aquí se está a insultar a intelixencia de todo o mundo. Fíxose publicidade da solicitude de convocatoria dun pleno para debater da grave situación e dos problemas que si existen, dentro dun barrio, pero sen traer ningunha proposta de resolución para que a corporación poida tomar decisións, que é o que se fixo noutras ocasións. Lembra polo menos catro mocións do BNG que foron aprobadas por unanimidade, e que están aínda por cumprir: a moción para a elaboración da Ordenanza reguladora das antenas de telefonía móbil, e para a cal o equipo de goberno tiña un prazo de tres meses, a moción para dotación de arboredo no parque que está en Celso Emilio Ferreiro e Francisco Rodríguez, a moción do protocolo de seguridade polo tema do gas, e a moción que se presentou para que non se constrúa un edificio de sete plantas na parcela que está pegada ao colexio do Graxal, a cal aínda están a tempo de cumprir.

Parécelles que tratar destes temas é unha frivolidade absoluta, e un insulto á intelixencia de todo o mundo. É unha petición de informes que só serve para facer o mesmo que se fai en todas as comisións informativas e plenos, os grupos da oposición preguntan ao goberno que pasa con unha cousa, o grupo de goberno contesta que están con iso, que estará feito en 15 días ou nun mes, ou cando se fagan os informes técnicos, e resulta que eles van a marchar de aquí sen que haxa ningunha proposta de resolución aprobada, e sen que os veciños e veciñas daquela zona, e de todo o Concello de Cambre, saiban que o concello tomou decisións en firme para solucionar os problemas.

Segue dicindo que realmente lles parece lamentable, e que isto non é motivo dun pleno extraordinario, non sabe se o PP ten problemas de conciencia co que cobra ou deixa de cobrar, pero el cre que ese non é o problema. O problema é que os recursos públicos e o esforzo que algúns lle dedicaron a preparalo, aínda que non o pediran, víronse totalmente defraudados polo que aquí está sucedendo, e supón que de aquí en diante aínda será peor, porque por riba fórmulanse cuestións con falta de información, por exemplo a Sra. González Roel dixo que no Temple non hai bibliotecas, cando existe a dos Templarios.

Manifesta que, en todo caso, o seu grupo viña con toda a súa boa vontade de poder chegar a acordos entre os grupos políticos, ou polo menos entre a maioría, e tomar acordos, e iso non se vai facer, porque o Partido Popular deixou escapar a oportunidade de formular cuestións, ou polo menos pedir que os outros grupos municipais achegasen as súas posicións. Pensa que isto non vai servir para nada, quizais só para solucionar certa confusión que ten o Partido Popular coa política que ten que facer neste concello, e onde os quere involucrar a todos. Dilles que co BNG que non conten, que o que si pode, tanto o goberno como os demais grupos, é contar con eles para poñer sobre a mesa propostas concretas, para votalas e levalas adiante, e para esixir ao goberno municipal que cumpra coas cousas.

Toma a palabra don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, quen manifesta que non quere entrar nunha batalla dialéctica sobre que grupo fixo máis sobre as necesidades da parroquia do Temple. Di que saben que hai unha serie de cuestións, que xa se trouxeron ao pleno polos distintos grupos, concretamente os seis puntos da orde do día deste pleno xa foron debatidos en varias mocións, rogos e preguntas anteriormente presentados.

Tamén lle chama a atención que se queira capitalizar o traballo dos diferentes grupos. Fálase aquí do tema das antes de telefonía móbil, e quere lembrarlle á Sra. concelleira do PP, que cando se instalaron esas antenas, sendo ela xa concelleira, nin sequera examinaron o expediente, nin o denunciaron. O único grupo que denunciou esa negligencia da instalación

das antenas foi Esquerda Unida, e o Partido Popular xa tiña representación na corporación. Foi EU quen mobilizou á cidadanía do Graxal, quen fixo asembleas informativas e mobilizacións.

Segue dicindo que non cabe dúbida de que o tema da Tapia é un cúmulo de despropósitos, houbo aprazamentos na obra, un gasto de diñeiro e prexuízos para os veciños, e que para buscar unha saída a todos estes problemas si poden contar con EU, no só o PP, senón tamén o equipo de goberno.

Sinala que todos saben que O Graxal é un barrio moderno, mal urbanizado, cunha serie de carencias e deficiencias, onde vive moitísima xente, e ao cal non se lle prestaron os servizos que se deberían de prestar. O primeiro é prestar servizos e despois que a xente vaia para alá. Di que o exemplo téñeno cos edificios de Lumiera, onde viven 3000 persoas, e non teñen un parque infantil.

Precisamente en relación cos parques infantís, o concelleiro de EU-IU di que xa denunciaron en dúas ocasións neste pleno as deficiencias do parque infantil da Casa das Palmeiras, e tamén o parque infantil da praza da Ría, que desapareceu, e tamén denunciaron moitas veces o tema desastroso do saneamento da ría do Burgo que para eles tamén é importante e lles interesa. Pero, como xa dixo antes, para solucionar estas cuestións todos teñen que unirse e esixir respostas, e iso ten que facerse nos plenos, non vindo agora aquí e colgándose medallas sen motivo ningún.

A continuación, concédese a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), quen manifesta que entende e comparte, en certo modo, o que acaban de comentar os concelleiros do BNG e de EU, pero parécelle que aquí non teñen que vir a botarse flores, nin tampouco a atacarse uns a outros. Os veciños elixiron a toda a corporación para tratar de solucionar os seus problemas entre todos o mellor posible, e para iso é para o que cre que deben estar todos aquí, non para facer comedia que é o que están facendo.

Continúa dicindo que, segundo a orde do día do pleno, hai uns informes que se veñen a tratar aquí, uns informes que non lles foron dados a ningún dos grupos da oposición, polo menos di que a el non llos deron, e que preguntou por eles hoxe ao mediodía. Di que el ven aquí a cegas, e pensa que os informes deberían telos antes do pleno, para poder analizalos e poder falar de algo. Non están falando de nada porque o único que están a facer os membros do equipo de goberno é ler uns informes sobre a situación actual do Temple. Parécelle ben que se diga que a un parque infantil lle faltan cousas, pero o que habería que facer é traer un proxecto para solucionar os problemas dos que se está a informar que existen, que se diga o

tempo que van tardar, de onde vai a saír o financiamento, etc. Todos saben como está O Temple sen necesidade de vir a un pleno, basta pasearse pola zona para velo. Pensa que isto non é serio, que os veciños votáronlles a todos para traballar polo seu ben e pola mellora dos seus servizos, non para vir facer comedia.

2º Informe sobre as medidas propostas para mellorar a seguridade cidadá no Temple

O Sr. alcalde explica que o informe que fixo a Policía non é tan catastrofista como di o PP. Neste momento a Policía Local está formada por 20 policíaas (1 inspector xefe, 2 oficiais e 17 policíaas), e tamén se conta con 20 gardas civís, que están a desenvolver unha labor conxunta. No informe establécese que o número de roubos diminuiu en Cambre en torno a un 40 %. Houbo tres roubos en establecementos, tres roubos de coches, cinco en interior de coches. Non é tan esaxerado como o que hai noutras cidades, é importante pero pensa que está dentro dunhas boas medidas de seguridade. Loxicamente a todos lles gustaría ter unha policía de barrio, pero nos orzamentos que levan este ano, e xa veñen de anos atrás, hai un cadro de persoal para crear dúas ou tres prazas máis de municipais, quizais con iso se poida mellorar.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, comeza dicindo que está asombrado. Dá a sensación de que é o PP quen está gobernando Cambre, e non o PSOE e Antonio Varela. Di que el pensaba que se había un responsable en Cambre da desfeita urbanística, da falta de ingresos, que ese era o Sr. alcalde e o seu equipo de goberno, non o PP. Dende logo é unha sorpresa moi grande ver a actitude de todos os demais grupos. Di que lle sorprende que digan que veñen con boa vontade.

Continúa dicindo que, con respecto ao punto anterior, gustaríalle concretar algo, que cando preguntaron polos parques infantís, non pediron que lles leran a normativa.

O Sr. alcalde pide ao concelleiro do PP que se centre no contido do punto 2º.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que está de acordo, pero que piden que non lles lean a normativa, e que iso sirve tamén para os demais puntos da orde do día, que o que queren é saber que se vai facer.

O Sr. alcalde responde que eles están informando do que hai, que foi o que se lles pediu.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que, respecto de Protección Civil e a seguridade cidadá en xeral, el naceu en Cambre, na Ctra. da Estación, igual que o Sr. alcalde,

vivió no Drozo, incluso no mesmo edificio que o Sr. alcalde, e aínda así cre que viviron en lugares distintos, porque el ve con gran preocupación o afundimento dos servizos básicos, como é o de Protección Civil, por exemplo, e di que xa falou deste tema nos dous últimos plenos. Había 15 efectivos en Protección Civil, e agora só teñen 3. Tamén preguntaron polo Plan de emerxencias no anterior pleno, porque dende o ano 2002, no que o concello superou os 20.000 habitantes, están obrigados por lei a dispor deste plan. Pregunta ao Sr. alcalde se seis anos son poucos ou non para elaborar un plan. Pon como exemplo o encoro de Cecebre, no que se por desgraza sucedese algo, non teñen nin a máis mínima idea, nin unha mínima coordinación para saber como actuar.

Con respecto á Garda Civil, di que debido ao caos de tráfico en que está sumido O Graxal, probablemente sexa o de Cambre o único cuartel que non teña perímetro de seguridade. Isto quere dicir que calquera veciño, ou quen sexa, pode aparcarse na beirarrúa do cuartel. Ademais, en todo caso, o perímetro de seguridade só impediría o aparcamento de tres vehículos.

Continúa dicindo que tamén lle quere preguntar ao Sr. alcalde se sabe que nos próximos días o cadro de persoal da Garda Civil se vai ver reducido en seis axentes, ou se sabe que o cuartel da Garda Civil de Cambre só dispón de dous vehículos. E tamén lle quere preguntar se sabe que clase de colaboración e coordinación existe entre a Policía Local e a Garda Civil, porque o Sr. alcalde dixo que están coordinados, e nas consultas que eles fixeron á Garda Civil contestáronles que non hai ningunha coordinación.

Con respecto ao servizo que presta a Policía municipal non hai dúbida de que é o máis cercano, e máis persoal que ningunha outra policía, polo tanto a figura de policía de barrio que o PP demanda potencia aínda máis se cabe esa sensación de seguridade entre os veciños.

Na actualidade en Cambre dispónse dun cadro de persoal de 20 axentes, como é habitual neste concello só iguala ou supera aos concellos veciños no negativo. No ano 2006 os informes internos deste concello xa reflectiron a necesidade de aumentar o cadro de persoal da Policía municipal en catro efectivos, e aínda así non se aumenta, e si se aumenta o número de cargos directivos, xefes de departamento, e outros cargos similares. Actualmente Cambre dispón, en quendas de mañá e tarde, de dúas patrullas, unha que se dedica, en teoría, exclusivamente ao Graxal e ao Temple, e outra para o resto do concello. Di que é fácil entender que é misión imposible para unha patrulla atender ao caótico tráfico no Graxal, e para outra patrulla atender ao resto do concello (A Barcala, polígono industrial e resto das parroquias, tamén aos colexios). Ademais di que os policías tamén enferman, polo tanto esas patrullas vense moi menguadas cando hai algún tipo de baixa.

Por último quere dicir que o ratio estimado como adecuado para os axentes de Policía municipal é de 1/1000. En Cambre só se está no 0'8.

O Sr. alcalde contesta que lle sorprende a afirmación do Sr. Nicolás Cubeiro respecto da non colaboración entre a Garda Civil e a Policía Local, cando neste momento hai dúas patrullas da Garda Civil, conxuntamente coas do concello, patrullando. A colaboración neste momento é total, e entre policía locais e gardas civís, hai 1 por cada 500 habitantes. Iso sempre se pode mellorar, pero é o que hai.

A continuación, concédese a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, quen manifesta que o BNG ten moi claro quen goberna, ou polo menos quen está no goberno. O único é que se quedan un pouco defraudados de que esta iniciativa se vaia quedar en nada por utilizar mal os recursos regulamentarios que se teñen para facelo. Iso é o que pensan, que ben utilizado podería dar lugar a apoios de todo o mundo. Porque para estar recibindo informes, como se fai habitualmente, realmente para iso non paga a pena vir aquí. A iso se referían, a unha oportunidade perdida, pero en todo caso intentarán sacarlle o positivo a isto.

Os temas de seguridade cidadá poden dar lugar a demagoxias ou a alertas excesivas. El, polos datos que ten, e polo que observa, non cre que en Cambre nin no Temple se teña unha situación especial con respecto a delincuencia e a ese tipo de inseguridade cidadá, dende logo en absoluto superior a outros sitios. Pensa que hai que seguir traballando para reforzala. Non sabe se o mellor modelo pode ser o da policía de barrio, que parece que en moitos sitios, aínda tendo medios, son modelos de xestión que se están abandonando, por cuestións técnicas que parecen máis eficaces. Iso é algo que teñen que dicir os técnicos e que eles teñen que apoiar e impulsar que haxa máis número de policía, por cuestións de seguridade, por cuestións de tránsito, por un montón de cuestións que son absolutamente necesarias, e nas que cre que todos estarían de acordo.

Máis grave lles parece o tema que xa saíu no pleno anterior, que é o tema de Protección Civil, e das actuacións en caso de emerxencia. Pensa que se adoptou unha postura equivocada, no sentido de apostar por un modelo exclusivamente noso, cando o que se debeu facer foi traballar xunto co resto das corporacións e dos alcaldes de toda a comarca para facer un servizo de emerxencias de carácter mancomunado ou carácter metropolitano, coa Deputación ou coa propia Xunta, que puidese servir para todos. Cre que un servizo para Cambre en exclusiva é absolutamente insostible. O mellor sería poñerse de acordo cos concellos que teñen unha dimensión similar á de Cambre, ou máis pequena ou máis grande,

e facer ese tipo de servizos en conxunto. Cre que sería o máis adecuado, porque senón ocorre o que está a ocorrer agora, que de ter un servizo de emerxencias cun funcionamento estupendo, de repente acábase unha subvención e quedámonos como estamos agora, que se pasa algo fóra do horario normal de traballo non se ten quen faga a primeira intervención. Sobre isto xa reflexionou no pleno pasado. Ese si que é un tema sobre o que se deberían poñer de acordo e sacar un modelo de protección diante das emerxencias no que todos estean de acordo e no que non importe a cor política de quen estea gobernando para sacalo adiante. Que sexa sostible dende o punto de vista das finanzas municipais, e que poidan perdurar no tempo, e que non sufra estes altibaixos que estamos pasando ano tras ano. Nese sentido pensan que hai que mellorar moitas cousas, se hai dúbida de que haxa coordinación coa Garda Civil e dado que está aí ocupando un patrimonio que o Concello debeu utilizar para outras cousas bastante máis necesarias para o barrio, o menos que se pode pedir é que haxa coordinación.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que o tema da seguridade é un problema que non atinxe só á parroquia do Temple, é un problema que afecta ao conxunto do Concello de Cambre, as demais parroquias tamén teñen problemas, e esas parroquias non poden quedar ao marxe dun plan especial de seguridade. Pensa que se debe recoller ao conxunto dos veciños de Cambre e non que se concrete nunha zona determinada, porque parece que só hai problemas no Temple, e ao mellor noutras parroquias hai máis ou menos, pero debe incluír a todo o conxunto do concello.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), dille aos membros do PP que el en absoluto se meteu con eles, o que fixo foi unha exposición do que o equipo de goberno presentou para o primeiro punto. Pola contra, no segundo punto, titulado Informe sobre as medidas propostas para mellorar a seguridade cidadá no Temple, o Sr. alcalde fixo unha exposición dos medios existentes, propostas, que é o que se pide no punto, non fixo nin a primeira. Hai que contestar ao que se pon, e se aquí se fala de medidas propostas, o goberno debe dicir que medidas se propoñen. E igual que antes pediu informes, prazos, financiamento, etc., agora pide propostas, que é o que pon o punto da orde do día.

A continuación, concédese a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, e manifesta que neste segundo punto lle gustou moito máis a actitude dos partidos. Gustoulle sobre todo a invitación á reflexión, que é o que eles queren facer. Nos plenos ordinarios todos os partidos presentan preguntas, rogos e mocións que ven como se aproban por unanimidade e quedan olvidadas. Este pleno é para tratar de revolver a conciencia do equipo de goberno. Quere dicir tamén que pediron un pleno extraordinario sobre O Temple porque pensan que aí é onde se concentran os problemas e ademais afectan ao resto do

concello, pero é que ademais non están centrados única e exclusivamente no Temple, di que acaba de poñer o exemplo do encoro de Cecebre. Polo tanto, quere que quede claro que este pleno quere que sirva para remover a conciencia do equipo de goberno e non para enfrentarse entre eles.

O Sr. alcalde conclúe dicindo que o Plan de emerxencias, segundo lle informaron, en principio debe estar no concello a últimos de xuño. Por outra banda, no borrador dos orzamentos van catro axentes de Protección Civil, se crean catro novas prazas, e teñen solicitado nove auxiliares e tres condutores, como fixeron o ano pasado, á Consellería de Traballo. Con isto mellorarase non só a seguridade cidadá do Temple, senón a de todo o municipio.

3º Informe sobre as obras na rúa Tapia

Pola presidencia concédese a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, quen informa que segundo a reunión mantida o pasado 19 de maio coa dirección das obras da Xunta de Galicia, e coa empresa adxudicataria das obras Sercoisa, está previsto que as obras finalicen ao longo do verán, quedando pendente actualmente os remates de obra, demolición e estreitamento de parte da mediana, a posta en funcionamento da nova iluminación, o acondicionamento da zona de taxis, e o aglomerado da calzada.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que lle abraia que a resposta sexa tan breve cando o problema é tan grande.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín responde que se remite aos anteriores plenos nos que xa se falou e contestaron todas as preguntas que se fixeron sobre este tema.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús Vieites Mariñas, concelleira do PP, manifesta que os veciños da Tapia solo pediran que se remodelaran as beirarrúas e se puxera máis iluminación, e o que lles fixeron foron unhas beirarrúas moi anchas, pero non en todos os sitios, senón que nun lado están máis anchas que no outro, noutros lados sirven como aparcadoiro para os coches como ven sucedendo na zona do Opencor, incluso impedindo camiñar aos peóns e á xente que ten carrito de bebé, ou que posúe cadeira de minusválidos, ten que apartarse. Nos pasos de peóns séguese aparcando. Piden que nesas zonas se poña uns pivotes para mellorar a seguridade dos peóns, porque as beirarrúas puxéronse para iso.

Tamén piden que na zona de carga e descarga, que tamén está preto do citado hipermercado, e que tamén se utiliza como aparcadoiro de coches, a policía vexa se poden solucionar esa situación, así como a dobre fila na parte de atrás que impide o paso e prexudica a todos os que viven alí.

Outra das cousas que se solicitou era que se recurtase a mediana, o que xa se acadou. Outro punto importante é que fronte á farmacia fíxose unha beirarrúa moi ancha. Todos saben que hai moita xente que para fronte a ela, xente con minusvalía ou que non pode acceder á farmacia, a persoa sae do vehículo, recolle os medicamentos, e solicitan que o concello vexa se aí se pode facer dúas prazas para aparcamento de minusválidos con este fin, para facilitar o acceso á farmacia.

Outra das cuestións máis importantes tamén é a parada do autobús. Un tema que trae moita polémica sobre a que se recolleron firmas e se escribiron cartas ao Valedor do Pobo, a primeira rexeitouse porque se equivocaron na distancia, pero o concello xa lles remitiu as distancias reais que é entre a primeira parada no Concello de Oleiros, na zona de San Pedro de Nós, e a de Cambre que está agora á altura da peletería, hai unha distancia de 650 metros, e entre esa e a terceira parada que é na Casa das Palmeras hai unha distancia de 250 metros. A parada agora se quere baixar e entón non lles coinciden as distancias, ven que a distancia entre a primeira e segunda son bastante superiores ás que hai entre a segunda e a terceira, quedando toda unha urbanización, as nais que levan os nenos á parada do bus para ir aos colexios, a xente maior que ten que baixar, e dicir, queda a rúa Tapia, da metade para arriba, sen un servizo de bus. Por isto preguntan se se podería situar esa parada noutro lado, e non seguir unindo as dúas paradas. As distancias non son equidistantes, piden que o goberno vexa se a parada se pode realizar noutro lado. Saben que alegaron que iso quitaría prazas de aparcamento, pero non están de acordo con iso, porque as prazas que se perden nun lado se poden gañar no outro, e que sería necesario un recorte da beirarrúa, pero que tamén se pode facer noutro lado.

Por outra banda tamén está o que dixo o grupo de EU sobre o paso de peóns que solicitou xa hai moito tempo, na entrada da autoestrada, para ver se se podía cambiar, porque a verdade é que está en moi mal sitio, non hai visibilidade suficiente para que pase o peón.

No que se refire á rúa Otero Pedraio, nunha moción do PP presentada no pleno do mes de outubro xa pediran o cambio de dirección, en vez de en sentido cara arriba como está agora, pois en sentido cara abaixo. Saben que onte se ía executar o cambio de sentido cara á parte de abaixo, o seu grupo tiña un respaldo de 400 firmas, que recolleron na súa totalidade na rúa Otero Pedraio, os comerciantes, agás en dous locais da rúa Tapia, en concreto unha

librería e unha casa de roupa de nenos. Saben que hai veciños que se preguntan porque non se levaron a cabo estas obras, e sabe que onte houbo unha pequena cantidade de veciños que non deixaron que se cambiase o sentido da rúa, e que por iso están as obras paradas.

Estaba pendente dun estudo da Policía, non había problemas, non había ningún veciño que se opuxera ao cambio, tiveron reunións co alcalde, coa concelleira, díxoselles que si, que se lles cambiaba a rúa en dirección contraria. Ata o momento non había notificación de que ningún veciño estivera en contra, e agora se atopan coa sorpresa de que onte, xusto cando se vai a sinalizar a rúa en dirección contraria, que era o mesmo día en que se informa aos veciños do cambio de sentido, hai unha veintena ou treintena de veciños que non están de acordo. Eles cren que deberían valer máis as 400 firmas dos veciños, e o alcalde e a concelleira, que prometeron o cambio de sentido, deberían ver como queda ese tema agora.

Continúa dicindo que os veciños da zona, en principio, só pediran uns cambios mínimos na Tapia e que se lles fixo de todo, dende beirarrúas, atascos grandísimos a todas horas, unha mediana que aínda que se recortou segue a ser unha mediana, un caos circulatorio que crispou a todos os veciños, e que non tería porque ter sido así.

Finalmente quere resaltar que é certo que a mediana se recortou e que certas cousas se tiveron que volver facer de novo, e que iso ocasiona un gasto. Pregunta quen é o culpable e onde vai ir parar ese gasto, saben que o peto de todos os contribuíntes. E no estado de crise que existe, os veciños non están no mellor momento para soportar isto, nin están de acordo sobre iso. Ven que houbo unha mala planificación sobre a Tapia na súa totalidade, e tamén unha mala información aos veciños.

O Sr. alcalde contesta que se ben é certo que se suprimiron prazas nalgúns sitios, hai poucos días viuse como se creaban 17 novas prazas na rúa Constitución, 17 en Curros Enríquez, 6 na rúa Luis Seoane, 10 en Ramón Cabanillas, 5 en Telleiro, na praza do interior de Padre Feijoo, en Emilia Pardo Bazán 33, e 32 entre Pígara e Curros Enríquez e no Polígono 34.

Non se di non ao cambio de dirección en Otero Pedraio, é verdade que houbo unha moción, pero tamén é verdade que onte a Policía recibiu moitas protestas, non dúas nin tres, nin vinte, bastantes máis, esta mañá viñeron ao concello. Parece ser que moitas das firmas que se recolleron non son legais, e foi por todo isto que dende a Alcaldía se pediu que parasen, que se comprobase e que se pida información a todos os cidadáns dos pisos. Vaise facer un dossier para que cada habitante diga se está ou non de acordo. Simplemente é unha medida de precaución que pensa que todos deben estar a favor de estudar se é verdade ou non. Simplemente se demorou a decisión.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias, voceiro do BNG, expón que a Tapia é o lugar onde máis visible é a situación de evidente deterioración e de problemáticas xeneralizadas do barrio. Está convencido de que se faga o que se faga nesa zona, os problemas de atascos e caos circulatorio non se van solucionar porque o problema é que iso é un colo de botella onde pasa unha parte importantísima do tránsito de varios concellos, de Oleiros, de Culleredo, de Cambre. Está alí a entrada da autoestrada. Cre que hai un montón de problemas que son os que enfadan a todos os que teñen que pasar por alí todos os días, e sobre todo aos veciños que viven na zona e que teñen que buscar aparcamento a diario, pero que non ten solución en si mesmo. Non é un problema de que as beirarrúas sexan máis anchas nun sitio que noutro, pensa que está ben que esa mediana se recortara porque era un perigo para temas de seguridade, pero todos eses detalles non van arranxar o gran problema que ten a Tapia, que é que se resolva dunha vez o Plan Viario Comarcal, que leva metido nun caixón un montón de anos, e que soamente vai a cachiños moi pequenos, e que polo de agora aínda non lle vai afectar as solucións que están en marcha, que aínda tardarán anos en inaugurarse, e aliviar o tránsito de alí.

Ese é o problema, o problema dunha mala planificación urbanística deste concello, pero tamén de todo o territorio, de todos os concellos que compoñen a área. Hai que vivir con iso, poñendo parches e poñendo boa vontade, e facendo algún esforzo.

Segue dicindo que hai unha cousa que lles preocupa. O seu grupo non sabía moi ben como enfocar este problema da Tapia porque parece que ao final un proxecto que levaban anos reclamando, que era bandeira de todo o mundo durante moitos anos, que por fin o comezan, e cando xurden os problemas. Cre que xa trataron noutras ocasións que o problema aquí é a xestión desa obra, a xestión de información aos veciños, o diálogo coa xente para informarlle de como son as cousas exactamente, e que houbera uns canles de participación e información. Pero sobre todo pensa que o que se botou en falta durante todo este proceso, e o de onte é precisamente o que serve de titular, e que hai unha falta de capacidade de decisión por parte do goberno municipal. Hai unha falta de firmeza cando se toma unha decisión. El non sabe cal era a dirección axeitada en Otero Pedraio, para iso se remitiron aos informes técnicos, pero cando os informes din unha cousa, quen goberna ten que tomar unha decisión e levala para adiante. Ao final hai uns informes que din que iso é o correcto, e o que se ten que facer é tomar unha decisión e levala adiante, porque senón estase a perder o tempo. Ao final o que perde credibilidade tamén é o goberno, que se compromete a unhas cousas, e que logo non as fai ou fai outras. El non sabe para que se aproba unha moción, para que se piden uns informes, para que se toma unha decisión, para que ao final unhas cantas

protestas, que se cadra tiñan razón, paralice as cousas. Entón é que o que se fixo antes estaba mal.

Pensa que ese é o problema, que se dialogou mal coa xente alí para informarlles do que exactamente se trataba de facer, e que cando se toman as decisións non se toman coa firmeza, valentía e arroxos necesarios que ten que ter un goberno municipal, e o feito que ocorreu onte, é unha nota sintomática de como funciona este goberno municipal, e el ve pouca solución a isto. Habería que tomar medidas máis serias, senón estas cousas van seguir sucedendo e non van ter amaño.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro do BNG, reitera unha vez máis que o proxecto da Tapia foi un cúmulo de despropósitos onde se perdeu moitísimo tempo, onde se gastou un montón de diñeiro público, e onde o concello non informou como debía informar ao conxunto dos veciños que realmente son os que sufren as consecuencias.

Chámalle a atención que se diga que as beirarrúas son demasiado anchas, poucas veces el viu beirarrúas demasiado anchas, e concretamente neste concello poucas beirarrúas son anchas para poder pasar co carrito da compra, un minusválido, ou para poder simplemente circular un par de persoas. Cre que as beirarrúas da Tapia están bastante ben, á marxe de que lle parece moi ben que se pida un aparcamento en fronte da farmacia.

En todo caso, conclúe, para el as obras da Tapia foron un cúmulo de despropósitos que ao concello se lle foi das mans, e sobre todo unha falta de información xeneralizada ao conxunto dos veciños do Temple.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que respecto deste punto quere incidir unha vez máis na falta de rigor á hora de tomar as decisións, como foi por exemplo o cambio de dirección na rúa Otero Pedraio. O sentido común tamén ten que funcionar algo, xunto cos informes técnicos pertinentes. Pode ser certo que co tempo estea ben cambiar esa dirección, pero el non pode entender que a ninguén se lle ocorrese cambiala tal e como está agora a situación de circulación para saír deses bloques de aí, tanto polo Estanque como por Otero Pedraio. Antes entrábase por unha e saíase por outra e non había problema. Onte fixeron esa proba e o que se ocasionou foi un caos total na rúa Polígono, xa que todo o tráfico se dirixiu cara abaixo, e coa cantidade de vivendas que hai alí está claro que se ía colapsar a rotonda da entrada da autoestrada.

Parécelle que hai que ser máis rigurosos, hai algunha rúa alí que está sen abrir e que se podería usar. Non se poden facer as cousas a carreira, hai que ter un pouco máis de sentido

común á hora de tomar as decisións. Tomalas tras un estudo serio, e tamén sería fundamental que os responsables municipais andiveran un pouco máis polo terreo, que se implicasen un pouco máis, que vexan o que hai, que falen cos veciños e saiban os problemas reais de cada zona. Non se pode simplemente aprobar propostas no pleno que despois quedan nun caixón. Isto non pode seguir sendo así, hai que tomar un pouco máis de interese nas cousas, ser un pouco máis serios, e facer as cousas con sentido.

4º Informe sobre o estado das obras que se están executando e das que se van a executar no Temple

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, informa que as obras na Praza Manuel Murguía comezaron este mes, sendo o prazo estimado dos traballos de cinco a seis meses. Deuse especial importancia á localización exacta de todos os servizos afectados na zona, para o cal se puxeron en contacto con todas as empresas que teñen instalacións na zona, Telefónica, R, Gas Galicia, Fenosa. Tamén se realizou un estudo sobre a situación actual das redes de saneamento e abastecemento municipal na zona, mediante a limpeza e posterior inspección con cámara de todos os colectores da área de influencia. Nesta inspección se detectaron algunhas deficiencias que deberán ser subsanadas durante o desenvolvemento das obras.

Para a execución dos traballos preveuse a sectorización de zonas, minimizando así a afección, debido a que é unha zona comercial e hosteleira moi importante.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que lles parece algo positivo o inminente das obras de remodelación da Praza de Manuel Murguía, pero a pesar do que dixo a concelleira do PSdeG-PSOE, de que levan traballando dende principios de mes, ela pensa que os obreros só traballaron tres ou catro días na zona. Na reunión que se levou a cabo a concelleira do equipo de goberno dixo que a obra levaría tres ou catro meses, agora xa está a falar de cinco ou seis.

Por outro lado, tamén lles preocupa o feito de que, iniciar unha soa obra máis no Temple, sen que se teñan terminado as outras que están pendentes, parécelles un delito coa falta de aparcamento que teñen en toda a zona. Agora mesmo aínda está levantado todo o Paseo Marítimo, tamén se resta aparcamento nesa zona, e o que é máis grave, que as obras que agora se van facer en Manuel Murguía pode que se teñan que levantar moi pronto para terminar coas obras dos transformadores.

Os veciños do Paseo Marítimo 2, están esperando dende o mes de xaneiro, que foi cando tivo lugar o incendio, por unha reunión que lles ía facer o concello e Fenosa para informarles de onde se van a colocar os transformadores. Aquí xa se fixo unha petición nun pleno sobre este tema, ían a dicirlles unha data, ían a dicirlles os posibles riscos dos transformadores, que en teoría din que non son nada, pero aínda están esperando por esa reunión. Os tubos de gas cidade están ao aire libre, e parécelles que iso pode ser algo bastante perigoso. Teñen unhas fochancas á saída do portal e acceden a este a través dunhas táboas.

Continúa dicindo que antes de facer ningunha outra obra, piden poñer en marcha o estacionamento ao que se referiu o Sr. alcalde, que foi unha moción presentada por EU, que foi aprobada por todos os grupos políticos, e que aínda non están feitos. Pensan que unha resposta definitiva aos problemas de aparcamento no Temple sería a construción dun parking subterráneo na parcela de titularidade municipal de 3000 m² que ten no Temple, e poder aproveitar a superficie para centro de saúde, galescola ou outros fins socio-culturais.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que, respecto do tema dos transformadores, dada a discrepancia sobre a súa colocación, foi trasladado a outra zona e as obras de soterramento e instalación dese transformador xa están concluídas.

Respecto do tema da reunión dos veciños lembra que hai un mes e medio ou dous meses, tiveron unha reunión con veciños afectados e coa Asociación de Veciños do Temple. Intentouse chegar a un acordo respecto dunha nova colocación do transformador, pero non se acadou ningún acordo entre os veciños. Quedaron en levar a cabo unha charla-coloquio con representantes de Coeticor para que intenten aclarar á opinión pública as cuestións suscitadas nos últimos meses con respecto aos transformadores e ao gas. Están pendentes da confirmación de representantes de Coeticor para ter esa reunión con todos os veciños.

Dona M^a Jesús González Roel pregunta porque non se taparon os buratos.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que se van tapar sexa cal sexa a situación. Deixáranse así porque parecía que a negociación ía ben, pero hai algúns veciños que seguen tendo dúbidas e medos, e o concello prefire que veña alguén de Coeticor para intentar aclarar as cousas.

Dona M^a Jesús González Roel agradece que se tapen porque non lle parece moi normal que dende xaneiro estén nesta situación, deixando uns tubos de gas ao aire tal e como están.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, sinala que lle estraña que só se fale da remodelación da Praza Manuel Murguía, cando hai máis proxectos de obra que se van realizar pronto, que xa están presupostados, e que xunto co de Manuel Murguía son proxectos que xa veñen do anterior goberno, como é o caso da remodelación da rúa Polígono, e algunha outra operación máis.

Continúa dicindo que a serie de problemas que se está xenerando con estas obras ten moita relación coa mesma argumentación que el daba cando falou do tema da rúa Tapia.

Pensa que aquí fallan varias cousas. A primeira delas a información clara á xente, e a segunda que falta firmeza na toma de decisións. Haberá que facer esforzos informativos e esforzos pedagóxicos en dicirlle á xente que hai determinadas instalacións que hai que facelas, que para facelas hai que buscar os sitios máis axeitados, e que, en todo caso, cando se fai a obra vai a causar algún tipo de molestias. E para iso debería estar o goberno municipal, para que esas molestias consistentes en limitación de aparcamentos, valos, montóns de terra, camións, etc., sexa o mínimo posible.

Continúa dicindo que, seguramente, é este fallo o que ten tan sublevados a moitos veciños e veciñas do Temple, que ven que a súa calidade de vida, que aínda que a longo prazo pode que mellore, nestes momentos están soportando problemas durante meses, e sobre todo vendo que nesas obras non traballa ninguén, que hai gabias abertas, valos por todas partes, sitios por onde non se pode pasar andando, por exemplo nalgunha zona do Paseo Marítimo.

Pensa que do que se trata é dunha cousa que xa se ten falado no pleno. Concretamente foi unha moción do BNG na que se pediu que o concello se fixese valedor dos dereitos e da calidade de vida dos veciños, que se presentase como parte e que denunciase e esixise responsabilidade ás empresas que executen mal os seus traballos. Di que en xaneiro tivo lugar o suceso co gas do que xa se falou, e meses despois seguen con aquilo tal e como estaba, sen solución, e iso si que é unha función do Sr. alcalde e do goberno municipal que preside, iso é o que dende a oposición, e os veciños e veciñas, lle teñen que esixir. Todos saben que os accidentes poden ocorrer, e que cando se fan obras para beneficio da xente vaise causar algún prexuízo, pero non tanto tempo. É misión do alcalde dar tranquilidade e acadar que as obras duren o menos posible, e iso foi o que non fixeron. Aínda por riba, non informan ben, ou din cousas que logo teñen que andar cambiando, como é o tema dos prazos. Pide que as cousas se digan dende o principio, que alguén vai protestar, pero que a longo prazo a xente comprenderá que cando se quere algo hai que facelo. O que teñen é que actuar e non mirar cara outro lado.

El pensa que o problema é que están bastante superados pola situación, no só no Temple, senón en todo o Concello de Cambre.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, evidentemente, cando se executan unhas obras, os veciños teñen que sufrir as consecuencias, pero sempre en beneficio da calidade de vida dos cidadáns. Di que, efectivamente, no Temple se reuniron unhas cantas obras, por unha parte afortunadamente, porque eles as tiñan solicitando, pero tamén pensa que as consecuencias sobre os veciños poderían terse atenuado se a información que partiu do concello tivera sido máis fluída. Os problemas xurden cando os veciños non teñen información de ningún tipo, e entón protestan. Informar é unha función que debe facerse dende o concello e, sobre todo, dende a responsable da área de Obras e Servizos.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que respecto da praza Manuel Murguía xa dixo en outras ocasións que se falou deste proxecto, que sempre lle pareceu un dispendio, xa o dixo tanto nesta corporación como na anterior. Parécelle que gastar 300.000 euros nunha praza, con escasos 50 ou 100 metros de céspede, e cuns poucos adornos, coas necesidades acuciantes que hai na zona, que estarían mellor investidos eses 50 millóns das antigas pesetas no aparcadoiro subterráneo do que falou a concelleira do PP. Pensa que na zona onde está Pompas, o colexio do Graxal, no parque, entre a gardería e o polideportivo, hai moitos problemas, e debería facerse un aparcadoiro subterráneo e o parque montalo enriba, para que puidese ser utilizado igualmente polos veciños, e así eses cartos irían bastante mellor investidos. Pero aquí o que o goberno quere é que se vexa que se fixo algo nunha zona onde a xente vai de paso para o Paseo Marítimo. Cre que as necesidades que teñen de verdade os veciños son de aparcamento, e pensa que irían moito mellor investidos os cartos en solucionar ese problema, e non en andar facendo florituras para saír na foto.

5º Informe sobre as propostas de mellora do aparcamento no Temple

O Sr. alcalde di que aquí se está a falar da parcela de 3000 e pico metros, e que esa é unha obra de grande envergadura, porque se trata dun terreo moi grande, e onde a edificabilidade permite meter moitas cousas, pero está claro que esa é unha obra que ten un custo moi elevado, que haberá que comezar a xestionar dende aquí, pero cre que é a obra prioritaria do Temple, no sentido de que aí caberían perfectamente varios aparcadoiros soterrados, unha planta ou dúas, cunhas 100 prazas cada unha.

Continúa dicindo que na superficie o equipo de goberno ten algo previsto que lle gustaría propoñer á corporación, aínda que volve dicir que o seu custo é moi desproporcionado e haberá que estudalo. Neste momento pénsase en meter unha galescola, un centro de día, tamén aproveitar para ampliar o centro médico do Temple, e incluso pode haber sitio para unha biblioteca. O que ocorre é que este é un proxecto que imaxina que custará moitos millóns de euros, estase a falar dunha construción duns 3000 m, por tres ou catro plantas, pero pensa que se son capaces entre todos os grupos de facer un deseño de ideas e programalas, pensa que é unha obra na que deberían comezar a traballar, pedindo subvencións, movéndose a altos niveis, porque cre que aí se podería dar solución a parte das necesidades que ten O Graxal.

Segue dicindo que xa lle pediu ao arquitecto que comezase a traballar neste tema, considerando o aparcadoiro, a galescola, o centro de día, deixando un espazo porque se falou co Sergas para ver que é o que necesitan, porque non é só o centro de saúde do Graxal, tamén o de Cambre está desbordado nestes momentos. Di que cando o arquitecto teña feito un pequeno borrador, gustaríalle estudalo co resto dos grupos porque, volve dicir, é un proxecto de moita envergadura que pensa deberían estudar entre todos.

Engade o Sr. alcalde que outro tema dos que se falou antes foi o de aparcas nas beirarrúas, e explica que como agora están coas obras, pode que algo se deixe sen sancionar, pero que está claro que iso se vai prohibir, e poñeranse bolaros para intentar que non sexa un foco de aparcamento continuo. Agarda que toda esa situación se solucione cando rematen as obras.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, sinala que entende que este é un tema non de presente senón de futuro, pero que é un tema que hai que pensalo xa, e que non hai outra solución. Non obstante, como xa dixo antes, sería conveniente facer caso do estudo que xa fixo a Policía sobre o tema do aparcamento, e que non sería dun custo moi alto, pois en moitas zonas só se trataría de repintar, foi un estudo resultado dunha moción de EU que todos os grupos políticos aprobaron, e que xa debería estar solucionado.

O Sr. alcalde contesta que isto se vai facer tan pronto se aproben os orzamentos, de inmediato.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que se está entrando nalgúns dos puntos máis conflitivos do barrio. Xa se falou dos atascos, dos servizos municipais, e agora do tema do aparcamento, que está fundamentalmente centrado no Graxal, que é onde máis problemas se teñen.

Di que el non sabe se a idea de ocupar a única parcela que queda de dotación de equipamento público, que está na rúa Estanque, instalando un aparcadoiro soterrado e enriba os servizos municipais vai servir para algo, porque o problema é que como lle ocorre a moita xente, eles non se cren nada. Soa como que ese é o gran proxecto no que teoricamente todos poden dicir que están de acordo, que está ben contar con zona de aparcamento, cunha galescola, ou cun centro de saúde, que por certo son moi necesarios, pero que o que lles preocupa é que todos eses servizos, que son urxentes de acadar nun ou dous anos, van quedar supeditados a poder construír o aparcadoiro subterráneo, e se cadra como non son capaces de poñer de acordo a todas as administracións que interveñen, e como tampouco serán capaces de atopar a fonte de financiamento axeitada, non cren que o concello vaia poder con todo de maneira única.

Di que a el lle parece que ese discurso é o habitual deste concello para cousas que logo nunca se acadan, e iso é algo perigoso. Pensa que se debería tomar xa a decisión de a que se vai dedicar a parcela, e iso quen o ten que facer é o Sr. alcalde. Ten que dicir xa a que vai dedicar a parcela e poñerse a negociar coa Consellería de Sanidade, con Vicepresidencia, e con todas as administracións que faga falta para ver se entre todos, incluído o concello, e incluso se cadra algunha achega privada, se pode financiar toda esa obra, porque se non se comeza a traballar xa en acadar acordos, iso non se vai facer nin nun ano, nin en 2, nin 3, nin 4, e ao final, isto é a consecuencia de que a única parcela pública de equipamento que ten o concello nese barrio é esa, e quere meterse alí todo o que non son capaces de meter noutro sitio pola falta de planificación.

Continúa dicindo que é necesario tomar unha decisión rápida, e se non haberá que poñerse a facer eses equipamentos xa, aínda que sexa sen a zona de aparcamento subterráneo. Engade que o que si se pode ir facendo mentres tanto, é ver que hai pequenas zonas nas que se poden ir facendo 15 prazas aquí e alá, para iso están os servizos técnicos, a Policía, e incluso os grupos políticos que xa teñen achegado ideas sobre aproveitamento de esquinas, patios, etc. onde se poden ir parcheando o problema, aínda que só será iso, parchear, porque a solución definitiva, tal e como está construído O Graxal, que incluso non ten garaxes nas vivendas, é imposible.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o aparcamento é un dos grandes problemas que ten a zona do Graxal. Nese sentido xa presentaron unha moción, non só nesta lexislatura, senón que xa no ano 1998, solicitaron un estudo-informe sobre a posibilidade de facer un aparcadoiro subterráneo no Graxal. Eles non van dicir onde, iso deben dicilo os técnicos do concello, que son os que deben buscar o sitio máis idóneo, e logo poñerlle enriba o que sexa. Pero o que si está claro é que é unha das

necesidades máis importantes, e así o están demandando tanto os empresarios como os veciños, como todo o conxunto da cidadanía. E di que quere repetir que xa no ano 1998 se pediu un estudo-informe para facer esta infraestrutura, e a día de hoxe, o seu grupo aínda non recibiu contestación.

Segue dicindo que como xa sinalaron todos os grupos é importante facelo, pero que se faga xa, porque estase a falar deste tema nun montón de plenos e ao final non se concreta en nada, e di isto tanto para o tema do aparcamento como noutros moitos temas.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que respecto do problema de aparcamento, pensa que se podería utilizar toda a zona do Paseo Marítimo, que sería cuestión de negociar con Costas, e que con medio metro ou un metro do paseo superior, ou nalgún caso sen facer falta nin tocalo, cre que se crearían unha cantidade moi importante de prazas de aparcamento. Di que coñece ben a contestación de sempre do Sr. alcalde sobre que iso é de Costas e que non o deixan tocar, pero habería que falalo, como tamén dixo non hai moito o Sr. alcalde que ía falar con Costas para ver se lles deixaban meter un transformador a Fenosa, a raíz do problema co escape de gas. Dille ao Sr. alcalde que ten que atender ás necesidades dos veciños do Temple e falar con Costas, porque ao Paseo Marítimo non lle pasaría nada porque lle quitasen, nalgúns sitios, medio metro.

Continúa dicindo que, con respecto aos bolardos que o Sr. alcalde falou de poñer antes de chegar ao Seixal, parécelle que bastante bolardo puxeron no medio da rúa Tapia, cando non se tería que ter posto nada, e deixalo simplemente cebreado. Di que el mesmo tivo problemas cando se fixo, e estivo a piques de topar coa mediana. Non cre que aos veciños lles faga moita graza todo este tema, porque o que se fixo é unha barbaridade, bastaba un cebreado, e agora resulta que o Sr. alcalde fala de poñer uns bolardos tamén nas beirarrúas. Di que vai pasar o mesmo que pasou cos que puxeron na zona do Temple, do Paseo Marítimo á altura do parque, non di que non foran necesarios, pero comezaron a poñelos e cando chegaron xunto aos negocios deixaron de facelo.

O Sr. alcalde contesta que os bolardos vanse poñer onde sexa necesario para protexer aos peóns. Parécelle moi ben que o Sr. Marante diga o que queira, pero o que está claro é que o Paseo Marítimo é de Costas, e calquera grupo pode facer as xestións que estime necesarias, porque é moi fácil dicir as cousas, pero o que hai que facer é buscar alternativas. Se se puidera facer aí estaría moi ben, pero haberá que buscar máis sitios onde se poidan crear máis prazas.

Don Manuel Marante Gómez responde que é curioso que o Sr. alcalde diga que é de Costas e que non se pode tocar, e pola contra si que lles podemos manter a iluminación, que a pagan os veciños de Cambre, e facer o mantemento dos xardíns, e incluso as balaustradas, pois se é de Costas quen o tería que facer sería Costas.

6º Informe sobre o estado actual das negociacións coas compañías instaladoras de antenas de telefonía móbil e sobre a ordenanza municipal reguladora

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, expón que, con data de 30 de novembro de 2007, se realizou un informe pola sección de Servizos no que se propoñía que por parte do concello se considerase a posibilidade de adherirse ao acordo subscrito pola FEGAMP coa Asociación de empresas de electrónica, tecnoloxías da información e telecomunicacións de España, e as catro operadoras de telefonía móbil, tal e como se establece no Código de boas prácticas para a instalación de infraestruturas de telefonía móbil, e en todo caso, se se determinase elaborar unha ordenanza, esta debería facerse ao abeiro da Lei 32/2003, para o cal deberíase contar con técnicos competentes na materia, concretamente enxeñeiros superiores de Telecomunicacións.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que quere volver ao punto anterior para dicir que o equipo de goberno si toma decisións, e incluso drásticas. Na Comisión anterior dixo que calquera veciño que quixera conectarse á rede de sumidoiros en Cambre tiña que presentar certificado de Gas Galicia de que non pasaban tubos por diante da súa casa. A todos os grupos lles pareceu asombroso, e di que non sabe se iso está corrixido xa, pero que, en todo caso, esa obriga foi consecuencia inmediata do sucedido no Graxal, todos os veciños teñen que presentar ese certificado.

Con respecto ás antenas di que, unha vez máis, un problema bastante grande tivo unha resposta moi curta. Todos os grupos levan meses agardando unha relación de antenas de telefonía móbil en Cambre, que non se lles facilitou. El conseguiu a información pola súa conta e di que xa entende porque non se lles facilitaba. Di que hai 11 antenas e enumera a súa situación:

- Vodafone España, no Temple. Pediuselle documentación o 19/10/2007, cando comezaron as protestas veciñais, porque estaban exercendo actividade sen licenza. Suspendéuselles a actividade. Como consecuencia Vodafone interpuxo recurso, ata a data non hai resposta.

- Telefónica de España, na Tapia 42 (O Temple). Autorizóuselles a instalación da estación base, condicionada á presentación de documentación, a cal presentaron o 18/10/2007, despois das protestas veciñais.

- Antena en Bribes, de Retevisión. Pediuselles achegar documentación o 16/7/2007, estaban exercendo a actividade sen licenza. Suspendéuselles a actividade, e como consecuencia interpuxeron recurso contencioso-administrativo que foi desestimado. Di que o que non saben é se funciona ou non.

- Antena de Retevisión Móbil, en Agueiros, Anceis. Pediuselles achegar documentación o 27/10/2006, non saben se se presentou, nin se ten licenza, nin se funciona.

- Retevisión Móbil, S.A., A Castellana, Cambre. Pediusese documentación o 21/12/2006, non saben nin se funciona, nin se ten licenza, nin se presentou documentación.

- Airtel, Penouviña 17, licenza concedida na Comisión de Goberno do 17/04/1998.

- Airtel, na Mota, nas mesmas condicións que a anterior.

- Telefónica, na Mota, tamén na Comisión de Goberno do 98.

- En Andeiro, tamén concedida nesa data

- A antena do cemiterio de Cambre, de Telefónica, que é a máis antiga de Cambre, esta ten licenza.

- E outra que hai no polígono de Espírito Santo, na parcela de Isidro de la Cal, equipo móbil de probas en cobertura que vai desaparecer, pero que de momento está aí.

Conclúe dicindo que entende que non se lles facilitara esta lista, porque é un despropósito non saber en que condicións están as antenas.

O Sr. alcalde contesta que pensaba que xa se tiña entregado polo Sr. Salcines, porque a lista xa estaba preparada para entregar a todos os grupos.

Don Nicolás José Cubeiro responde que non foi así, que xa a reclamaran en varias ocasións, e que polo menos el non a conseguiu ata o día de hoxe.

Continúa dicindo que o PP se interesou pola antena que despertou tantas protestas no Graxal. Presentaron por rexistro un escrito para saber en que condicións estaba e se tiñan pagado as taxas. A súa sorpresa foi enterarse de que pagaron catro días despois de que o seu grupo presentase a solicitude de información. O que si é certo é que a Sra. secretaria lle facilitou unha carta que se lle mandou dende o concello cun mes ou dous meses de anterioridade, e isto é importante porque se lles esixe xustificante de ingreso da taxa pola licenza de apertura de actividade molesta, insalubre, nociva e perigosa. Segue dicindo que despois el ve os informes que fan os técnicos municipais, un informe destes días, no que se di que se debería obrigar ás empresas de telefonía a solicitar que se tramiten as licenzas como actividade molesta, insalubre, nociva e perigosas. Os técnicos propoñen iso porque non se estaba a facer, e pregunta como é posible que nos escritos do Sr. alcalde que son anteriores, xa se reclamase o pago dese concepto.

Segue a dicir que o informe tamén fai referencia aos transformadores, e que os servizos técnicos municipais recoñecen que dende Cambre non se controla ningún tipo de instalación, tanto instalacións de transformadores como instalacións de antenas de telefonía móbil, e recomendan que dende o concello se faga ese tipo de control. No informe se recolle a necesidade de someter a trámite de licenza de actividade clasificada os novos centros de transformación, e o mesmo coas antenas. Polo tanto o informe lembra á corporación que non existe un plan de actuación municipal específico, aplicable ao risco que supoñen as antenas e os transformadores, e recomenda establecer un protocolo de actuación.

Por todo isto o Sr. Cubeiro di que se necesitan bastantes máis explicacións das que se están dando neste pleno.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que é unha auténtica mágoa que non estea presente a persoa que dende o goberno municipal máis deu a cara, polo menos ante o pleno, cos temas das antenas de telefonía móbil.

Por outra parte, di que quere entrar a tratar unha cuestión que xa citou ao comezo, que non quere quitar mérito ningún ás iniciativas que tivo EU na pasada lexislatura, pero que non cabe dúbida de que foi unha moción do BNG, do 26 de xullo de 2007, que foi aprobada por todos os grupos, a que daba un prazo de tres meses ao equipo de goberno para elaborar unha ordenanza reguladora das antenas de telecomunicación e radiodifusión. Di que ese prazo xa se cumpriu en outubro pasado, e que non se fixo. Engade que queda moi sorprendido cando escoita á Sra. concelleira do PSdeG-PSOE, dicir que un concello para facer unha ordenanza dese tipo necesita ter á súa disposición un técnico de telecomunicacións, iso é normal, pero non é un tema que lle competa ao pleno, o pleno o que fixo foi tomar unha decisión política,

foi consciente e sensible á preocupación cidadá, e decidiu que se fixese unha ordenanza reguladora dese tipo de instalacións, e para iso deulle ao goberno un prazo de tres meses, o que non lle deu é tempo para buscar desculpas para non facelo, ou para buscar protocolos de adhesión. O que quere o pleno é que se faga unha ordenanza reguladora das antenas de telefonía móbil e outras instalacións destas características no Concello de Cambre, e dende finais de outubro que acabou o prazo, o único que lles entregaron foi un borrador que supoñen se baixou de internet, da páxina da FEGAMP, un modelo que non ten nada que ver con que se pediu, e di que para facer iso poderían ter buscado un modelo dalgún concello galego moito máis adaptado á realidade de Cambre. Di que é unha proposta dun protocolo que non vale absolutamente para nada, como case todos os protocolos, se despois non hai vontade política de cumprilos.

Segue dicindo que lles gustaría ter visto o informe a que se fixo referencia, para poder ter máis datos, e pensan que ese informe tería que ter figurado no expediente deste pleno.

Por outro lado, o voceiro do BNG cre que en Cambre, o problema non é as antenas, nin as compañías que as instalan, di que o problema é o goberno, que ten que solucionar unha serie de cuestións, entre elas, a primeira, levar adiante as decisións que de maneira soberana e democrática se toman no pleno, se se adopta un acordo por maioría, haberá que executalo.

Ademais di que hai outro problema que unha ordenanza non vai solucionar. A ordenanza pode regular unha serie de cuestións técnicas, tamén está de acordo en establecer unha ordenanza fiscal, di que lle parece moi ben esa proposta do PP, porque tamén as compañías cobran aos usuarios facturas elevadas, e que sería bo que algo revertise no Concello de Cambre. Pero sinala que o problema está en que debería ser o Plan Xeral o que tería que contar cun apartado importante onde se regulase onde colocar as antenas, que tipo de usos, que tipo de actividades económicas e técnicas se poderán levar a cabo, en que zonas. A ordenanza debería regular temas de potencias, usos, etc., pero se non se recolle no Plan Xeral, vanse atopar co mesmo problema, que como non están acotados os espazos onde este tipo de instalacións se poden facer, as compañías de telefonía móbil, cumprindo o resto de requisitos fixados pola lei, poderán instalarse en calquera sitio.

Segue dicindo que mentres non se recollan estas especificacións na normativa urbanística de usos do territorio, o problema vai estar aí. E o problema grave xa non van ser as antenas, senón a falta de vontade, de tempo, e de ganas, do goberno municipal, de cumprir unha serie de cousas que dende o pleno se lle mandan de maneira democrática e soberana.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que este é un tema do que xa se falou bastante ao longo desta lexislatura, non só das antenas do Temple, senón das que están en todo o concello, e que citou o concelleiro do PP. Di que o seu grupo tamén dispón do listado porque foi pedilo, e que xa o tiñan solicitado hai bastante tempo, pero tamén quere dicir que as antenas non son este ano cando se puxeron. As antenas xa estaban postas hai anos, e eles, mirando expedientes, non viron que ninguén dixerá nada contra as antenas. Este é un problema que non se ten agora de súpeto en Cambre. Este problema ven de anos atrás, e ninguén dixo nada, o primeiro que levantou a voz de alarma foi Esquerda Unida.

Continúa dicindo que cando foi o problema coas antenas da Tapia, o voceiro do grupo socialista lles presentou un borrador xenérico, e pediu aos outros grupos que presentaran unha alternativa. Esquerda Unida presentou esa alternativa, presentou un borrador de ordenanza. Non tiveron ningunha contestación.

Engade que é certo que pouco se pode facer cunha ordenanza se non se recolle o tema no Plan Xeral de urbanismo, que é aí onde de verdade hai que especificar o tema das antenas.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), di que para finalizar a súa intervención quere concluír que non só está O Temple no Concello de Cambre, que son 12 as parroquias, cada unha delas coas súas necesidades, e que hai moitas necesidades. Pide por favor que se comece a traballar en proxectos que sexan bos para os veciños de Cambre, que sexan máis ou menos caros non é o importante, pero que non se lancen grandes ideas e proxectos que despois non sirven para nada porque non temos medios. En vez de dilapidar cartos nalgúns temas, o que hai é que dedicarse a facerlle fronte aos auténticos problemas que existen por aí, e que non son tan custosos, pero que precisamente por iso non lles fan caso. Pensa que tamén son importantes para todos os veciños.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, conclúe que, cando dixo que as respostas eran insuficinetes, insatisfactorias, o peor é que non estaban preparadas. Tamén considera unha falta de respecto aos demais grupos da oposición a falta do Sr. Varela Tejedor, e a falta do concelleiro de Facenda Sr. Salcines, así como a falta de preparación dos asuntos.

O Sr. alcalde contesta que a ausencia dos concelleiros non é o tema deste pleno e que os asuntos para os que se convocou, xa están debatidos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia